



**RESOLUCION DO 28 DE DECEMBRO DE 2012 DA SECRETARIA XERAL DO MAR
POLA QUE SE APROBA O PLAN DE XESTIÓN INTEGRAL DA RESERVA MARIÑA DE
INTERESE PESQUEIRO OS MIÑARZOS PARA O ANO 2013.**

Antecedentes

O 28 de setembro de 2012, a coordinación da reserva mariña de interese pesqueiro "Os Miñarzos" remite a a proposta do Plan de Xestión Integral para o ano 2013.

O día 5 de outubro de 2012, foille requerida á coordinación da reserva diversa documentación complementaria e necesaria para a súa remisión ao órgano de xestión, seguimento e control (en adiante Oxesco): anexos coa relación de embarcacións, mergulladores e tripulantes, mariscadoras a pé; documentación que acredite os pasos seguidos para a elaboración, tramitación e aprobación da proposta do Plan de Xestión; informe técnico das mostraxes realizadas e do seguimento dos bancos e pesqueiras que xustifiquen as medidas de xestión propostas.

Os días 8 e 11 de outubro de 2012, a coordinación da reserva remitiu a información requirida.

O día 15 de outubro de 2012 foi convocado o Oxesco co propósito de debatir e informar a proposta do plan presentado.

O día 27 de novembro de 2012 ten entrada no rexistro a proposta do plan de xestión remitida pola confraría de pescadores de Lira.

Consideracións legais e técnicas

O artigo 6 bis do Decreto 87/2007, do 12 de abril, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos, modificado polo Decreto 240/2008, do 2 de outubro, determina que as actividades recollidas nas letras a), b), c) e d) do seu artigo 5, desenvolveranse no marco do Plan de Xestión Integral, que será aprobado pola Dirección Xeral de Recursos Mariños.

O artigo 9 deste mesmo decreto atribúelle ao Oxesco a función de informar sobre o Plan de Xestión Integral.

O artigo 16 do Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar, modificado polo Decreto 131/2012, do 31 de maio, atribúelle á Secretaría Xeral do Mar a dirección e a coordinación das competencias e funcións en materia de ordenación pesqueira en augas interiores, marisqueo e acuicultura, entre outras.

O día 9 de outubro de 2012, a xefatura comarcal de Ribeira remite a información sobre os permisos de explotación en vigor e renovados para o ano 2013.

O día 10 de outubro de 2012, a xefatura da sección de Pesca da área de coordinación de Mar na Coruña remite informe sobre a relación de embarcacións incluídas no plan.



O día 10 de outubro de 2012, a xefatura da sección de Formación da área de coordinación de Mar na Coruña emitiu informe respecto á actividade de mergullo no ámbito da reserva.

O Oxesco emitiu as súas valoracións e propuxo modificacións na proposta do plan de xestión, tal e como consta na acta da reunión do día 15 de outubro de 2012.

O día 2 de novembro de 2012, o biólogo de zona emite informe sobre o plan de xestión.

Así pois, á vista dos antecedentes e das consideracións legais e técnicas, a Secretaría Xeral do Mar resolve

Aprobar o Plan de Xestión Integral para a reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos, que figura como anexo a esta resolución, para o ano 2013, facéndose as seguintes modificacións:

1º. A confraría de pescadores deberá solicitar autorización para o desenvolvemento da actividade marisqueira á Secretaría Xeral do Mar. As solicitudes presentaranse cunha anticipación mínima de 15 días á data de inicio da actividade, agás para aqueles recursos para os que estea aprobado un plan de explotación incluído na Orde do 28 de decembro de 2012 pola que se aproba o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o ano 2013.

2º. O horario de uso da nasa centola quedará redactado da seguinte maneira: O horario de traballo será diúrno das 6.00 ás 16.00 horas. As nasas deberán retirarse do mar diariamente. Nas épocas de veda da centola, estas deberán ser levantadas e transportadas a terra, e permanecer almacenadas nos lugares destinados a este fin. "

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso de alzada no prazo máximo de un mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira do Medio Rural e do Mar de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2012.

O secretario xeral do Mar

Juan Carlos Maneiro Cadillo